



Plan de medidas de sustentabilidade ambiental

Revenidas como entidade comprometida leva no seu ADN un compromiso claro coa sustentabilidade ambiental e o coidado do medio ambiente, alineados cos Obxectivos do desenvolvemento do milenio (ODS)

Somos unha entidade/evento participe do <https://pactoculturasustentable.gal>

Para iso, estableceremos unhas medidas de acción no Revenidas 26 para conseguir que o impacto medioambiental sexa o mínimo posible.

As medidas principais serán as seguintes:



A implantación de criterios de economía circular: reducir, reutilizar e reciclar.



Redución de consumo de auga: coa instalación de baños químicos



Redución do consumo de combustibles fósiles: só usando os xeradores para os

escenarios, indo as demais instalación eléctrica por rede fixa.



Eliminación de plásticos monousos: Emprego de ecovasos reutilizables e

prohibición total dos plásticos monousos nas foodtrucks.



Instalación de papeleiras e contenedores de separación de residuos: contratando

persoal para limpeza e separación do mesmo.



Fomento do transporte público e redución de viaxes: instalando unha zona de

acampada para evitar desprazamentos e comunicando as posibilidades de chegada en tren/ bus/taxi buscando convenios de colaboración. Ademais crearemos unha liña de bus interna que comunicará o recinto coa zona de acampada.



Redución de consumo eléctrico: todas as luces do festival serán de tecnoloxía led.



Reducción do consumo de combustibles fósiles.



Redución de consumo de papel: empregando como método de pago tecnoloxía

cashless e non facendo cartelería publicitaria.



Busca de provedores locais e galegos: tanto no Son como no merchandising, sardiñas...favorecendo a aparición de provedores de Km 0 e locais, como poden ser na parte hostelreira os viños e espumosos de Rías Baixas.



Acceso gratuito á auga potable.(Instalando grifos con auga de acceso libre)



Merchandising sostible: Realizado por empresas galegas con tintas certificadas non contaminantes e responsables co medioambiente.



Prohibición de lanzamento de confetti por parte dos artistas e uso de máquinas de CO2, altamente contaminantes.



Creación dunha mesa de traballo cos grupos de interese, para conseguir sinerxias e implicación nas medidas para mellorar ambientalmente o festival, tanto no 2026 coma no futuro.



Compensar a pegada de CO2, con accións durante o ano 2026

O medio ambiente é de todos, por favor cumpre as normas e axuda a ter un mundo mellor!

Plan de medidas de sustentabilidade ambiental do festival que se distribuirá entre o persoal contratado pola empresa organizadora do festival e tamén ás diferentes empresas proveedoras do festival.